

CONCELLERÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS,
SANIDADE E EDUCACIÓN
Ref.: IRA/ESL/2023

EXP.: 2023/A004/000012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A
“ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL
(ASPACE)” DA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte a Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, Dona INÉS RAMOS ÁLVAREZ, que actúa en nome e representación do Concello de Arteixo facultada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de outubro do ano actual.

Doutra, D^a MARIA CARMEN BARREIRO SANTOS con NIF nº32774839T, en nome e representación da *Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE)* da Coruña, con CIF: G-15031529 e situado en Casteliño 24- Osedo, Sada, 15160 A Coruña.

ACORDAN

Subscribir este convenio de cooperación, que estará suxeito ás seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto do presente convenio é colaborar co financiamento dos servizos de

- Apoio psicolóxico
- Alimentación texturizada
- Actividades lúdico-deportivas e
- Outras terapias ou servizos semellantes

Estarán destinados a usuarias e usuarios do Centro ASPACE empadroados no Concello de Arteixo, coa finalidade de que dispoñan de ditas terapias de xeito gratuíto.

SEGUNDA: COMPATIBILIDADE

O importe máximo da axuda concedida non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades/investimentos que desenvolva a entidade; estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades

públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo elixible e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas, na normativa nacional e comunitaria aplicable.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

Serán subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 novembro do ano actual.

Non serán subvencionables, ademais dos gastos sinalados na normativa de referencia como non subvencionables, os gastos de mantemento das instalacións, alugueres, bens funxibles nin os susceptibles de inclusión en inventario.

TERCEIRA: DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE ASPACE

ASPACE reserva para si o dereito de tramitar a baixa no seu centro daqueles usuarios que fan uso dos servizos para os que se asina este convenio co Concello de Arteixo, cando a súa estancia puidera ocasionar graves problemas, tanto a nivel persoal como colectivo, no funcionamento da Institución

A asociación ASPACE comprométese a destinar o importe do convenio á finalidade prevista na cláusula primeira, que se realizará no ano 2023, a presentar a documentación xustificativa que se determina neste convenio e a conservar dita documentación en tanto poidan ser obxecto de comprobación ou control.

A entidade ASPACE comprométese a reintegrar os fondos recibidos nos supostos que proceda.

ASPACE adquire o compromiso de comunicar calquera modificación que se produza nos seus datos ou mesmo na actividade subvencionada.

Deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación efectuarse tan pronto se coñeza e, en todo caso, antes das xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

En todas as actividades organizadas directamente pola entidade ASPACE e que teñan relación co obxecto do convenio, deberá incluír a este Concello como entidade financiadora do servizo. (Artigo 18.4 da Lei 38/2003)

Ademais das anteriores obrigas, de conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, son tamén obrigas da entidade:

- a). Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas polo Concello de Arteixo.
- b) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a mesma actividade deste convenio.
- c) Dispoñer e ter ao día baixo a súa responsabilidade, as licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación ou facenda, así como os libros, rexistros e demais documentos contables esixibles, no seu caso, pola lexislación mercantil.

CUARTA: CRÉDITO ORZAMENTARIO E IMPORTE DO CONVENIO

A tramitación do expediente esixirá a comprobación e existencia previa de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Municipal, así como a aprobación do gasto.

O Concello de Arteixo comprométese a financiar a ASPACE cun total de dez mil euros (10.000€) neste ano 2023, destinados a sufragar as terapias definidas na cláusula primeira, pagadeiros do seguinte xeito:

- O 80% á sinatura do Convenio sempre supeditado á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.
- O 20% restante ao remate do mesmo, unha vez presentada a conta xustificativa pola Asociación e aprobada polo órgano de goberno.

QUINTA: PRAZO DE VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do ano actual.

SEXTA: REQUISITOS DA ENTIDADE ASPACE COMO BENEFICIARIA:

ASPACE non poderá obter a condición de beneficiario no caso de concorrer nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente, estar declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal.

- c) Ter dado lugar, por ter sido declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
 - d) Estar incursos aqueles que ostenten a representación legal da entidade, nalgún dos supostos de incompatibilidade a que fan referencia a Lei 53/1984, de Incompatibilidade de Persoal ao Servizo das Administracións Públicas ou tratarse de cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.
 - e) Non atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
 - f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado de paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións ou convenios.
 - h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións ou asinar convenios.
- Aos efectos do disposto nesta base, con anterioridade á sinatura do convenio, ASPACE aportará unha declaración de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición mencionadas.

SÉTIMA: PRAZO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

O prazo de xustificación rematará o **día 30 de novembro do ano actual** e deberá acadar, polo menos, o importe do Orzamento concedido.

Para o pagamento, o Concello de Arteixo deberá aprobar previamente a conta xustificativa que se presentará no Rexistro Xeral do Concello con destino ó Departamento de Servizos Sociais, e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

- a) Certificación da Secretaria da entidade, co visto e praxe do Presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- b) Declaración asinada pola persoa representante da entidade de todas as axudas percibidas ou solicitadas para a actividade subvencionada.
- c) Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento da finalidade do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá ao menos os seguintes documentos:

1. Listaxe resumo das persoas beneficiarias que inclúa apelidos e nome, DNI/NIE, sexo, concello de residencia e número de sesións recibidas en 2023. A listaxe entregárase en formato pdf e ademais nun formato que permita o tratamento de datos (Word/ Excel ou arquivo de software libre). O Concello dispón dun impreso modelo que a entidade poderá utilizar. En todo caso, os datos mínimos serán os que se describen nesta alínea.

2. Listaxe das sesións recibidas asinada cada sesión pola participante, sempre que sexa posible a recollida de sinatura. De non ser así, deberá estar indicado no impreso. O Concello dispón dun impreso modelo que a entidade poderá utilizar. En todo caso, os datos mínimos serán os que se describen nesta alínea.

3. Persoal implicado indicando se forman parte do cadro de persoal ou se se trata de persoal externo ou voluntario. No caso de persoal propio, copia do contrato da profesional e no caso de persoal externo, facturas emitidas polo desenvolvemento da terapia financiada con estes fondos.

4. Incidencias rexistradas, se as houbera.

5. Carta de pago en caso de reintegro de sobrantes, no seu caso.

- No caso de presentación de facturas, achegaranse orixinais ou copias cotexadas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos e polo importe mínimo de 10.000,00€. Estes documentos, ademais, están suxeitos ás seguintes normas:

- Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias compulsada, antes de facer a fotocopia o concello deberá estender no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo, con indicación da porcentaxe imputada a esta subvención.

- As facturas conterán como mínimo o número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión, denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario, desglose do IVE, con indicación do tipo aplicable e total. Figurará tamén a descrición completa e desagregada do concepto ou conceptos polos que se factura.

- O pagamento das facturas, nóminas ou documentos equivalentes, acreditarase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo, certificación bancaria, etc.) nos que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura.

d) Os gastos de persoal acreditaranse, mediante facturas ou nóminas e deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.

e) A substitución de facturas por outro documento unicamente será válido nos supostos mencionados no artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.

f) Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal e autonómica e certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas ca Seguridade Social. Estas certificacións poderanse substituír por declaración

responsable da persoa beneficiaria da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €. A comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais será realizada polo Concello de Arteixo de oficio.

OITAVA: TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do departamento de Servizos Sociais e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada pola entidade.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado neste Convenio sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na LXS.

A presentación da documentación nese prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

-Atraso na presentación da xustificación de ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250,00 €.

- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000,00 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

NOVENA: REINTEGRO

Procederse ao reintegro da cantidade concedida en concepto do convenio nos seguintes casos:

a) Cando o importe do convenio supere os gastos efectivamente realizados. Neste caso a entidade ASPACE presentará, xunto coa conta xustificativa, a carta de pago polo reintegro que corresponda.

b) Cando a entidade non xustifique o cumprimento da finalidade do Convenio.

c) Cando se incumpra a obriga de xustificación.

Nestes últimos casos, o procedemento de reintegro iniciárase mediante acordo da Xunta de Goberno, no que se indique a causa, as obrigas incumpridas e o importe da

subvención concedida. Este acordo notificarase á entidade colaboradora, que disporá dun prazo de quince días para presentar alegacións.

No caso de que formule alegacións, emitirase un informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte da Xunta de Goberno; se transcorridos os 15 días a entidade non presenta alegacións, o acordo inicial de reintegro entenderase firme, e notificaráselle ao afectado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

DÉCIMA: COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DO CONVENIO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento e avaliación á que serán sometidas todas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas puideran xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta por:

- A concelleira de Servizos Sociais, Concello de Arteixo.
- Unha técnica do departamento de servizos sociais.
- Por parte da Entidade ASPACE, o presidente da Asociación ou persoa na que delegue.

Co fin de unificar e adaptar a regulación municipal relativa á actividade de fomento, o Concello de Arteixo aproba e asina o presente convenio, axustado e baseado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a todas as demais normas concordantes coas citadas anteriormente.

DÉCIMA PRIMEIRA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA: RÉXIME SANCIONADOR

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na dita Lei 38/2003.

DÉCIMO TERCEIRA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O acordo das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos aos que motivaron a concesión da axuda.
- A falta de xustificación das cantidades recibidas.

DÉCIMO CUARTA: NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

O presente convenio terá carácter administrativo. O seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polo regulado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade ambas partes de mutuo acordo asinan o presente convenio en lugar e data sinalados na cabeceira, e perante min, José María Vázquez Pita, Secretario Xeral do Concello.

Asinado dixitalmente na data do documento electrónico por:

D^a María Carmen Barreiro Santos, Presidenta de ASPACE

Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

José María Vázquez Pita, Secretario Xeral